

ANUNCIO

De acordo co acordado na Xunta de Goberno Local extraordinaria do día 29/07/2015, por medio deste anuncio realízase a convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, para a adxudicación do contrato de servizos de PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, conforme os seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora. Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Silleda.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información.
 1. Dependencia: Secretaría.
 2. Enderezo: rúa Trasdeza, 55.
 3. Localidade e código postal: 36540 Silleda (Pontevedra)
 4. Teléfono: 986580000
 5. Telefax: 986581021
 6. Enderezo de correo electrónico: secretaria@silleda.es
 7. Enderezo da internet do perfil do contratante: www.silleda.es
 8. Data límite de obtención de documentación e información: oito días contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP e no perfil do contratante.

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: servizos
- b) Descrición: programa lúdico-educativo de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo no CEIP de Silleda.
- c) Lugar de execución: CEIP de Silleda.
- d) Prazo de execución: catro anos desde o comezo do curso escolar do 2015.
- e) Admisión de prórroga: NON
- f) CPV: 80000000-4 e CPA 80.10.1

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: urxente
- b) Procedemento: aberto
- c) Criterios de adxudicación.

A. Criterios cuantificables automaticamente, puntuaranse en orde decrecente:

1. Prezo do contrato: valorarase a mellor oferta económica. Este criterio valorarase ate un máximo de 5 puntos, que se asignarán a proposta máis favorable e aos restantes puntuaranse de maneira inversamente proporcional de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = \text{Prezo menor} \times \text{Puntuación máxima} / \text{Prezo ofertado}$$

2. Disposición de maior número de monitores sobre os previstos na cláusula

oitava do prego de prescricións técnicas con carácter de número mínimo. Cada monitor a maiores do mínimo establecido valorarase con 0,5 puntos por monitor a maiores cun máximo de 1 punto. O contrato dos monitores será polas horas de duración do servizo.

B. Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:

1. Programa lúdico-educativo presentado do que se valorará a súa calidade e multidisciplinaridade e adecuación aos obxectivos do presente contrato e os obxectivos establecidos no prego de prescricións técnicas. Este criterio valorarase ate un máximo de 3 puntos.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que maior puntuación acade na valoración dos criterios valorados mediante fórmulas matemáticas.

4. **Valor estimado do contrato:** CENTO SESENTA MIL euros (160.000 €).

5. **Orzamento base de licitación:**

Importe neto: CENTO SESENTA MIL euros (160.000€).

6. **Garantías esixidas.**

Definitiva (%): 5% do importe da adxudicación.

7. **Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:**

a) Data límite de presentación: oito días contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP e no perfil do contratante.

b) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Concello de Silleda
2. Enderezo: rúa Trasdeza, 55
3. Localidade e código postal: 36540 Silleda (Pontevedra)
4. Enderezo electrónico: secretaria@silleda.es

8. **Apertura de ofertas:**

a) Descrición: acto público

b) Enderezo: Concello de Silled, rúa Trasdeza 55

c) Localidade e código postal: 36540 Silleda (Pontevedra)

d) Data e hora: sinalarase pola Alcaldía e publicarase no perfil do contratante.

9. **Gastos de publicidade.**

Por conta do contratista ata o límite máximo de 160 euros.

Silleda, 29 de xullo de 2015

O alcalde

Manuel Cuiña Fernández